

GCiencia

xornalismo+divulgación

CIENCIA MAR NATURA SAÚDE **UNIVERSIDADE** TALENTO TECNOLOXÍA NAUTAS ▾ TOLOCENCIA OPINIÓN ▾ DESTINOS EXTRAS ▾ GC TV



Mabel Loza recibe o premio Investigadora Innovadora 2018. Fonte: USC.

Mabel Loza, premio Investigadora Innovadora 2018

● Por **Redacción** - 04/12/2018

A coordinadora do grupo **BioFarma** da USC e co directora científica da Fundación **Kærtor**, a catedrática **Mabel Loza**, acaba de recibir o ‘Premio á Investigadora Innovadora 2018’ do **Foro de Empresas Innovadoras**. O galardón reconece o seu liderado na política de **I+D+i** integral e permanente, tanto na transferencia coa industria, publicacións con alto impacto internacional, proxectos de innovación de carácter global e a súa capacidade de difusión en formación de investigadores, tanto no ámbito académico como no empresarial.

Traxectoria innovadora

Patroa fundadora e codirectora científica da Fundación Kærtor xunto co tamén profesor da USC Ángel Carracedo, Mabel Loza é catedrática de Farmacoloxía e líder do grupo de investigación BioFarma da USC. Cunha activa participación en programas públicos e privados no ámbito do **descubrimiento temperán de fármacos** español e europeo, foi investigadora en máis de 90 proxectos de investigación, en 70 como investigadora principal. Participou en once candidaturas a fármacos que chegaron a ensaios clínicos en pacientes, dentro de programas de transferencia de I+D coa industria farmacéutica.

Destaca a publicación de diversos libros e capítulos de libros, así como de **136 artigos en revistas** indexadas no Journal Citation Report. Supervisou **17 teses** de doutoramento coa cualificación máis alta e máis de **50 traballos** de investigación de posgrao. Tamén é revisora de varias revistas nas áreas de farmacoloxía, química médica e descubrimento de fármacos.

Participa activamente no desenvolvemento de redes e novos modelos de innovación aberta no descubrimento temperán de medicamentos, é coordinadora da Rede Galega de Descubrimento de Fármacos e a Rede de Excelencia Española de Descubrimento de Fármacos. Ademais representa ao nodo da USC na Rede Europea de Infraestruturas de **Screening EU- Openscreen** ESFRI / ERIC. Mabel Louza coordina tamén a Unidade Mixta **USC-Esteve** para o desenvolvemento de novos medicamentos no campo da dor crónica. Como empresaria, promoveu a fundación de tres compañías (Pharmatools Dixital Interactive SL, Allelyus e Oncostellae).

Premios

O Foro de Empresas Innovadoras (FEI) é unha asociación sen ánimo de lucro cuxo obxectivo é **impulsar a cultura innovadora** no tecido empresarial, na universidade, nas administracións públicas e en todos os ámbitos relacionados coa xeración do coñecemento.

Os seus premios recoñecen, anualmente, o labor dun/ha investigador/a, unha compañía e un organismo ou institución de apoio á Innovación. Na edición de **2018**, ademais de Mabel Loza na modalidade de 'Investigadora', foron premiados Cantabria Labs, na modalidade de 'Empresa' e AIMPLAS, na modalidade de 'Organismo ou institución de apoio á innovación'.

ETIQUETAS

BioFarma

fármacos

foro de empresas innovadoras

igualdade

innovación

Mabel Loza

Muller

premio

USC

